

**Resolución do 2 de decembro do 2024, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., pola que se procede ao nomeamento de tres persoas asesoras dos tribunais constituídos para a execución dos procesos selectivos derivados da Resolución do 30 de novembro do 2023 (DOG nº 230 do 4 de decembro do 2023) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación.**

Unha vez constituídos os tribunais que se citan, acordaron solicitar o nomeamento de persoal asesor no desenvolvemento dos seus traballos. Elevada pola Dirección de Recursos Humanos a dita solicitude esta Dirección Xeral,


**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Estender o nomeamento de Jorge Vázquez Herrero (Profesor Titular do Departamento de Ciencias da Comunicación da USC) como asesor do Tribunal que avaliará as categorías de redactor/a e realizador/a.

**SEGUNDO.-** Nomear como asesores do tribunal que avaliará as categorías de Realizador/a, Redactor/a, Reporteiro/a gráfico/a, Técnico/a de control e Técnico/a electrónico/a a José Sixto García (Profesor Titular do Departamento de Ciencias da Comunicación da USC) e Roberto Rodríguez Carballada (Profesor asociado da Área de Comunicación audiovisual e publicidade da USC).

San Marcos, 2 de decembro do 2024

O Director Xeral da CRTVG

  
 CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo